

Por unha utilización ética da natureza

■ XOSÉ MANUEL DOMÍNGUEZ PRIETO ■

Victorino Pérez Prieto

Do teu verdor cinguido

Espiral Maior, 1997. 221 páxinas. 2.200 Pla.

FRONTE á chamada *ecoloxía superficial* (*Shallow ecology*), que non vai alén de posturas estéticas ante o espectáculo da desfeita medioambiental ou da procura de amaños puntuais para facer fronte ós danos producidos polo desenvolvemento industrial, xorde nos anos setenta, da man de Arne Naess, a chamada *ecoloxía fonda* (*Deep Ecology*). Esta nova cosmovisión supón unha tamén nova concepción das relacións entre humanidade, animais e mesmo deuses coa natureza. Fronte á racionalidade instrumental, que concibía a Terra como obxecto infinitamente manipulable, como depósito de recursos, a *ecoloxía fonda* xulga a natureza como suxeito en relación homeostática coa humanidade. Apunta esta nova versión da ecoloxía a un *holismo*: "o verdadeiro é o todo". Este é, *grosso modo*, o alicerce conceptual que

A CHEA DE DATOS OFRECIDOS
Ó COMEZO FAVORECEN A
SENSIBILIZACIÓN ECOLÓXICA
E PERMITEN ALBISCAR A
MAGNITUDE DOS PROBLEMAS
MEDIOAMBIENTAIS

adopta Victorino Pérez en *Do teu verdor cinguido*.

No horizonte da escrita galega, un ensaio teolóxico-filosófico verbo da ecoloxía resulta, asieus, unha *rara avis*. Pero non menos abraiante resulta o enfoque multidisciplinar, fresco e suxerente, que adopta Victorino Pérez Prieto no seu ensaio. Aínda que, dun xeito explícito, xa dende o título, acouta e amosa ás claras a perspectiva adoptada nas súas reflexións —unha perspectiva teolóxica e cristiá—, non por iso refuga outras contribucións. É máis: acode explicitamente ás aportacións feitas dende a economía, o feminismo e outras relixións non cristiás. A carón disto, ten a probidade intelectual de recoñecer as madías e atrancos que a propia tradición teolóxica cristiá supón respecto dunha reflexión ecolóxica, tinxida por veces dun espiritualismo que refugaba a materia e mais o


mundanal. Sen embargo, sabe tamén situarse naquela perspectiva hermenéutica que lle permitirá o diálogo franco coa ecoloxía.

Ben documentado, os tres primeiros capítulos ben poden servir como introducción xeral ós problemas e perspectivas ecolóxicos. Sobrancean e aboucan a chea de datos ofrecidos ó comezo, que favorecen a sensibilización ecolóxica e permiten albiscar a magnitude dos problemas medioambientais. Tamén non esquece, en capítulo á parte, os problemas ecolóxicos que atopamos en Galicia e en España.

Tras ofrecer este ricaz panorama, non queda ancorado nun maniño pesimismo nin nun doado alarmismo, senón que propón a busca de solucións. E coido que é un dos maiores acertos do ensaio o feito de que sitúe esta busca no ámbito da ética. Porque, dende a súa

perspectiva conscientemente realista e holística, propón que tanto a política coma a ciencia, a técnica e mais a mesma economía pasen polo peneiro da ética. Mais este vieiro só queda proposto, indicando sinxelamente que esta ética debería sentar os seus alicerces nun novo humanismo non prometeico, quere dicir, que substitúa o antropocentrismo que permitía situar o home fronte á realidade material para dominala e asoballala ó seu antollo, por un humanismo baseado no respecto e na cooperación co contorno material e natural ou, como recolle de Panikkar, unha posición *cosmoteándrica*. Por non ser o celme das súas reflexións, deixa esta cuestión aberta. E mais é de máxima importancia.

Pola nosa banda, cremos que, se se quere dar un fundamento ético á ecoloxía, cómpre facelo sempre dende a persoa como categoría



SEOANE

GALERIA BONINO

Del 11 al 27 de Setiembre de 1958

MAIPU 962 BUENOS AIRES

LUIS SEOANE
Litografía (1958)
Fundación Luis Seoane



FERNANDO ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR O Berbés (1931) / Centro Cultural Caixavigo

UN HUMANISMO BASEADO NO RESPECTO E NA COOPERACIÓN CO CONTORNO MATERIAL E NATURAL. O AUTOR DEIXA A CUESTIÓN ABERTA

seu antropocentrismo, no senso dun señorío asoballador do natural, a mala utilización dos recursos naturais.

Tras amosar o vínculo co ecolóxico das primitivas relixións, aclara tamén cómo na máis enxebre tradición e fe cristiás non hai unha postura de asoballamento e de rexeitamento do material, senón unha apertura franca á natureza. E para deixalo patente acode a dialogar coas aportacións da moderna teoloxía, para logo deterse con esmerada análise no que denomina o autor "o verdor da Biblia".

Remata o libro, de fluída verba e amable lectura, coas súas máis alquitaradas conclusións. Supoñen estas a aposta por unha nova conciencia ecolóxica, integral, e, no que respecta á teoloxía, pola substitución dun Deus dominador por un Deus pai/nai-amigo/amante (nisto, a pegada do teólogo Andrés Torres Queiruga é explícita) e por superar o dualismo corpo-espírito e Deus-creación mediante o vínculo íntimo de Deus, o cosmos e mais a persoa.

Cremos que, xustamente, a identidade cristiá que amosa Victorino Pérez é a que conxura a gran tendencia de moitos ecoloxistas a rexeitar, aparentemente, toda transcendencia relixiosa pero, paradoxalmente, a sacralizar a natureza, a trocar o Deus-Pai pola Terra-Nai ou Gaia. Do mesmo xeito, se queda salvada a dignidade da persoa, nunca poderá ser o comportamento animal o paradigma do humano. A etoloxía non pode substituír a ética. E pretender manter un darwinismo como modelo comportamental daría

A OBRA NON QUEDA ANCORADA NUN MANIÑO PESIMISMO NIN NUN DOADO ALARMISMO, SENÓN QUE PROPÓN A BUSCA DE SOLUCIÓNS DESDE O ÁMBITO DA ÉTICA

central. O antropocentrismo non ten por que ser prometeico. É máis: se cadra, un humanismo ecolóxico non antropocéntrico podería devir en naturalismo, en biocentrismo, no que esvaece a dignidade humana nunha pretendida dignidade da natureza. Máis, semella gañado dende Kant que o mundo da ética, a esfera da liberdade, nunca se pode confundir co da natureza, esfera da necesidade. Se a persoa é unha realidade moral é porque pode construír a súa vida non fronte á natureza pero si *encol* da súa natureza. Un naturalismo a ultranza, holístico, pode revirar doadamente nunha nova forma de idolatría ou nunha nova ideoloxía como oferta de sentido nestes momentos posmodernos de ausencia de discursos totalizantes e razóns últimas. Suporía isto unha demisión ética de gravísimas consecuencias.

Conscientemente, arreda Pérez Prieto de si

toda tentación idolátrica, ideolóxica ou romántica. Por isto, é quen de dialogar coa economía, lugar privilexiado onde hai que atallar as raíces da desfeita ecolóxica, tomando partido non por un ecoloxismo nachamente naturalista e conservador, senón por un que poña en primeiro plano a persoa e que reconcilie a cultura coa natureza. Dialoga tamén con aqueles filósofos que manteñen unha perspectiva holística ou totalizante respecto da natureza (Whitehead, Leonardo Boff). Pero, unha vez adoptada esta postura e definido o seu ecoloxismo como humanismo, non pode deixar de tratar, como problema ecolóxico, o da pobreza e o do Terceiro Mundo, nin de dialogar cos feminismos.

Sen embargo, se cadra, a parte máis orixinal do ensaio comeza cando analiza os vínculos da ecoloxía coas relixións e, dun xeito especial, coa xudea e coa cristiá, acusadas de favorecer co

ó traste co mellor da cultura humana, que xorde non da loita e da sobrevivencia dos máis fortes, senón da colaboración e mais axuda ós máis débiles. Precisamente, foron os mitos da competitividade e mais o da libre competencia (bases do liberalismo capitalista), moi *etolóxicos* eles pero moi discutibles eticamente, os responsables últimos da desfeita ecolóxica. Só dende unha ética que poña coto á vontade de poder omnímoda da economía de mercado pode haber colaboración fecunda coa ecoloxía. E mais esta ética ten no centro a persoa como realidade moral.

- Xosé Manuel Domínguez Prieto é profesor de Filosofía e Premio Espiral Maior de Ensaio 1998 por *Alén da libido. Do sexo á sexualidade*